


Tema 4: O SECTOR PRIMARIO NO MUNDO E AS SUAS PAISAXES.







Lembra:

○ *sector primario*
engloba as actividades
económicas que extraen
recursos da natureza. Son:
**-AGRICULTURA,
-GANDERÍA,
-EXPLOTACIÓN FORESTAL
e PESCA.**

Ocupa pouco máis do
40% da poboación
mundial.

Pero hai grandes diferencias:
nos países desenvolvidos é
menor do 10%, mentras nos
subdesenvolvidos supera o
50%.



Os recursos que se extraen da natureza proceden d@:

- **terra:** AGRICULTURA, GANDERÍA e EXPLOTACIÓN FORESTAL.


- **do mar ou río:** PESCA e MARISQUEO.





Agricultura:
actividade económica
adicada ó cultivo das
plantas.





Gandería:

**actividade económica
adicada á cría de
animais.**


***Proporciona alimentos,
materias primas para a
industria, e as veces forza
de traballo.***



A EXPLOTACIÓN FORESTAL *comprende o aproveitamento dos bosques.*

Proporciona madeira para mobles, combustible, resina, cortiza, pasta de papel, produtos farmacéuticos e outros...








ESPACIO RURAL:

Porción da superficie terrestre que comprende o territorio non urbano, isto é o espacio agrario, o habitat, os camiños, as industrias ailladas ou os espacios de ocio...




ESPACIO AGRARIO:

Aquela porción do ESPACIO RURAL no que se desenvolven as tarefas agropecuarias (agricultura, gandería e explotación forestal).

As actividades agropecuarias transforman o ESPACIO NATURAL en PAISAXES AGRARIAS e GANDEIRAS (AGROPECUARIAS).





Sistemas agrários no Mundo.

FACTORES QUE CONDICIONAN A **ACTIVIDADE AGRARIA:**

- FÍSICOS: explican a distinta aptitud dunha zona respecto doutra.

- HUMANOS: explican os distintos usos ó espacio agrario.



• **FACTORES FÍSICOS:**

-Influencia do relevo: O relevo montañoso dificulta a actividade agraria debido a:

- ***altitude:*** pois cada 100 mts de ascenso, a temperatura baixa 0´6 °C e as precipitacións aumentan.
- ***orientación dos cultivos:*** as ladeiras de solaina son máis cálidas que as de umbría, e as de barlovento máis húmidas que as de sotavento.
- ***as pendentes e desniveis*** fan facilmente erosionables as ladeiras das montañas e dificultan a mecanización.

O relevo chans e o fondo dos vales son as zonas máis favorables.

-Influencia do solo, da vexetación e das augas:

- **Os solos profundos nas zonas chas son favorables,** mentras que os delgados das montañas son desfavobles. Os solos con “humus” son máis fértiles.
- ***As correntes de auga,*** en función do seu réxime, poden facilitar o cultivo (regadío ou sedimentos limosos) ou impedi-lo (forte erosión).
- ***A vexetación*** resulta favorable ó proporcionar humus. Ademais as prantas herbáceas son básicas para a gandería, mentras a desforestación é perxudicial.

-Influencia do Clima:

- ***A insolación e as temperaturas:*** os cultivos se desenvolven con dificultade por debaixo de 0º e por riba dos 45º: teñen un ciclo vexetativo.
- ***As precipitacións*** cando son escasas ou nulas dificultan o cultivo,
- ***O vento*** se é suave favorece os cultivos, pero si é forte poden arrancar-las prantas.

• **FACTORES HUMANOS:**

– **demográficos:** O aumento da poboación impulsa a sobreexplotación e subdivisión en parcelas.

– **técnico:**

● O instrumental agrario (tradicional ou moderno), condiciona a produción.

● Modificación das condicións naturais mediante métodos tradicionais (bancais, regadío, barbeito, estabulación) ou modernos (invernadoiros e granxas).

● Uso de fertilizantes e selección de sementes: tradicionais- transxénicos ou alterados xenéticamente.

– **organización social:**

● A propiedade da terra: individual ou colectiva.

● O réxime de explotación: directa ou indirecta.

● Os costumes tradicionais.

– **económicos:** A agricultura de Subsistencia (autosubsistencia) xenera paisaxes de policultivo, mentras que a de Mercado e a Especulativa crea paisaxes de monocultivo.

– **políticos dos gobernos. Na Unión Europea hai unha**

P.A.C.: conceden axudas, impulsan a investigación, trazan plans de regadío

As veces os gobernos deseñan plans de *reforma agraria* (de distribución da terra), e outras veces plans de *desenvolvemento rural*.

Tipos de cultivos:

Cereais: centeno, trigo, arroz, mainzo, millo, cebada

Tubérculos: patatas, nabos, mandioca...

Oleaxinosas: xirasol, olivo, soja, cacahuete...

Azucareiras: remolacha, caña de sucre...

Textís: algodón, esparto, liño...

Frutas: cítricos, banano, manzano, peral...

Hortalizas e legumes: tomates, judías, lentellas...

Estimulantes: te, café, vid...

Tranxénicos:



Cada cultivo posee un ciclo vexetativo propio.

Destino da produción:

- **SUBSISTENCIA** (autoconsumo)

- **MERCADO** (comercio) e **ESPECULATIVA** (exportación):

- **Consumo humano.**

- **Forraxeiros:** destinados ó consumo do ganado

- **Industriais:** destinado á industria.



ELEMENTOS DUNHA PAISAXE AGRARIA

a) **Parcelas**: unidades mínimas de terra, onde se cultiva un ou varios cultivos, de límites definidos. Tipos:

- Tamaño: grande (latifundio), mediana ou pequena (minifundio)
- Forma: irregular (ocupación espontánea do espacio) ou regular (ocupación ordenada do espacio).
- Límites: abertas ou de Openfield (sen lindeiros) ou pechadas ou de Bocage (con lindeiros).

Unha explotación é un conxunto de parcelas que forman unha unidade económica.

b) **Poboamento rural**: forma de distribución da poboación agraria no territorio.

Pode ser: Disperso, Concentrado ou Intercalar.

c) **Usos agrícolas**: Un sistemas de cultivo son o conxunto de técnicas empregados polos agricultores. Dependem de:


* variedade de cultivos: monocultivo/policultivo.

* cantidade de auga: secaño/regadío.




* modo de ocupación do terra: continuo (sen descanso) ou discontinuo (con rotación BIENAL, TRIENAL... con barbeito).

*aproveitamento da terra: intensivo/extensivo

c) **Usos gandeiros**: Un sistema gandeiro son as técnicas utilizadas polos gandeiros para criar os animais. Son moi variados:



d) **Usos forestais**: As especies arbóreas máis rendibles están nos bosques tropicais (teca ou caoba) e nos temperados (carballo, castiñeiro e sobre todo as coníferas na taiga).



Poboamento Concentrado:

➤ ***Irregular***


➤ ***Lineal***

➤ ***Radial***

Poboamento Disperso

Poboamento Intercalar

Tipos de poboamento



- Tipo de viviendas:



Casa Bloque



Casa Disociada